

Convocatoria da Sesión extraordinaria e urxente do Pleno Municipal para o 10 de febreiro de 2023 (PLENO 02/2023)

Por resolución da Alcaldía nº 319/2023 de 8 de febreiro, indícase que é preciso convocar unha sesión plenaria extraordinaria e urxente, de acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, por apreciar os seguintes motivos que impiden demorar a consideración dos asuntos da orde do día ata a próxima sesión ordinaria:

Primeiro.- Procedeuse a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O 07/02/2023 as 21:49:54 a entidade GESTAGUA SA presenta na Sede Electrónica complemento da documentación presentada por R.E. núm. REGAGE23e00007694485 comprensiva da Memoria descriptiva para “Proxectos de mejora de la eficiencia del ciclo urbano del agua “. Esta é informada polo técnico municipal o 08/02/2023 sendo o último día do prazo de presentación de solicitudes o 10/02/2023.

Segundo.- O Plan Provincial para o financiamento de servizos sociais aprobado no pasado pleno presenta de erros artiméticos que cómpre subsanar antes do día 14 de febreiro de 2023.

De conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación os artigos 79, 80 e 82 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, como membro do Pleno municipal convocáse á sesión **extraordinaria e urxente** do Pleno da Corporación que terá lugar no salón de Plenos do concello de Carballo, o vindeiro **día 10 de febreiro de 2023 ás 09:15 horas** en primeira convocatoria, para debater os asuntos relacionados na seguinte orde do día:

- 1.- Pronunciamento sobre a urxencia da sesión.
- 2.- Aprobación e aceptación expresa da participación por XESTIÓN E TÉCNICAS DA AUGA SA á presentación por parte desta do proxecto denominado Mellora de eficiencia do ciclo urbano da auga de municipios xestionados por Gestagua na Comunidade Autónoma de Galicia: proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE dixitalización do ciclo da auga).
- 3.- Corrección de erros: Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2023” da Deputación Provincial da Coruña. POS+Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. Aprobación.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

Secretario
Miguel Piñeiro Souto